

**-I PLAN DE IGUALDADE DE
OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E
HOMES (2004-2006)-**

Concello de Camariñas

PIOM aprobado no Pleno do Concello o día 30 de abril de 2005

I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Camariñas.

Promove: **Concello de Camariñas.**

Coordinación: **Servizos Sociais e Axencia de Desenvolvemento Local (ADL) do Concello de Camariñas.**

Autoras: **Asociación Lilith** (Apdo. 867, Santiago de Compostela- 15700) e **Paula Rama Morales** (Técnica de Igualdade do concello de Camariñas).

Financia:

- ***Servizo Galego de Igualdade (SGI).***
- ***Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.***



Consellería de Familia,
Xuventude, Deporte e
Voluntariado



Concello de Camariñas



ÍNDICE

A) PRESENTACIÓN.....	5
B) INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.....	6
C) CONTEXTUALIZACIÓN.....	10
D) FINALIDADES DO PLAN E ÁREAS DE ACTUACIÓN.....	17
E) ÁREA DE VISIBILIZACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E DEREITOS LABORAIS.....	19
F) ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS E CONCILIACIÓN PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR.....	21
G) ÁREA DE ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN SOCIAL.....	23
H) ÁREA DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE.....	24
I) ÁREA DE ORDENAMENTO DO TERRITORIO E VIVENDA.....	25
J) ÁREA DE SAÚDE E BENESTAR SOCIAL.....	26
k) ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO.....	27
L) CRONOGRAMA.....	28
LL) AVALIACIÓN.....	30

A) PRESENTACIÓN.

A visibilización das mulleres e da situación de discriminación que sofren, así como o estreitamento do foxo que separa aos dous xéneros, compete tanto ás mulleres e aos homes coma ás diferentes administracións. Este **Primeiro Plan Municipal de Igualdade**, que se está a executar no período 2004-06, é o compromiso do Concello de Camariñas para corraxir, ao través dunha política de igualdade, as discriminacións resultantes dos hábitos e prácticas sociais tradicionais.

O Plan Municipal de Igualdade é froito da colaboración entre o concello e o Servizo Galego de Igualdade dependente da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado. No transcurso dos dous últimos anos, os servizos municipais implicados no traballo coas mulleres, especialmente os Servizos Sociais e a Axencia de Desenvolvemento Local, veñen de executar unha serie de accións encamiñadas á mellora da súa situación. Nestas estiveron implicadas as distintas asociacións de Camariñas, os axentes sociais e máis os centros de educación e saúde que colaboraron, coas súas propostas, na formulación deste proxecto.

O documento que se presenta engádese á edición do estudio “Diagnose, a realidade das mulleres camariñas” elaborada polas Técnicas de Igualdade municipais e financiado polo propio concello. Nesta nova publicación preséntanse un conxunto completo de accións que teñen como obxectivo colaborar e favorecer a igualdade da muller no noso ámbito territorial, buscando acadar a igualdade de oportunidades desde unha perspectiva de xénero. Ambos proxectos están publicados tamén en internet na web municipal www.camariñas.net.

Este plan non esgota as medidas que, no ámbito municipal, poden tomarse para que os comportamentos que manteñen a discriminación da muller, arraigados na nosa cultura, desaparezan paulatinamente a través da educación e do desenvolvemento de políticas de igualdade.

O traballo conxunto da poboación camariñán e máis a intervención do concello e do resto das administracións poderán conseguir que, progresivamente, as oportunidades para homes e mulleres sexan idénticas.

Juan Bautista Santos Ramos.
Alcalde de Camariñas.

B) INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.

Un *Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades* (PIOM) é un instrumento de traballo no que se establecen actuacións dirixidas a mellorar as situacións de desigualdade das mulleres en tódolos ámbitos da vida social, encamiñadas a lograr unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Non só as mulleres son beneficiarias deste plan; pois, os beneficios que poden derivarse da súa aplicación reverterán, con seguridade, no conxunto da sociedade camariñá.

Un *Plan Municipal de Igualdade* ten unha incidencia moi directa na poboación do concello; xa que, por un lado, é o marco por excelencia da convivencia de homes e mulleres e, polo outro, é a administración local a instancia máis próxima ás necesidades, intereses e inquiredanzas da cidadanía.

Para elaborar o deseño deste plan municipal tivéronse en conta os seguintes marcos referenciais:

- **No Ámbito Internacional**; os acordos adoptados na *IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres*, celebrada en Beijing (China), en setembro de 1995, e reflectidos na "Plataforma para a Acción". A esta conferencia mundial (convocada pola ONU) asistiron 189 países, desempeñando España o papel de portavoz da Unión Europea.

Os gobernos participantes comprometéronse a cumprir os acordos recollidos no documento final, que se baseaba nun programa encamiñado a eliminar os obstáculos que dificultan a participación activa das mulleres en tódalas esferas da vida pública e privada.

- **No Ámbito da Unión Europea**; o marco de referencia para este plan municipal é o "IV Programa de Acción Comunitario para a Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres" (1996-2000), aprobado polo Consello de Traballo e Asuntos Sociais o 22 de decembro de 1995.

O programa inscríbese nas perspectivas e conclusións extraídas da *IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Pekín*, recollendo as prioridades establecidas no *Libro Blanco sobre Política Social Europea*. Proxecto que impulsa un novo xeito de actuación, o "**mainstreaming**"; que consiste en que as políticas de igualdade de oportunidades se desenvolvan dunha maneira transversal.

Neste senso, o programa "pretende promover a integración da

dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, aplicación e seguimento das políticas, medidas e accións realizadas a nivel comunitario nos estados membros" (principio de "maistreaming").

Segundo o *Consello de Europa*, os requisitos necesarios e as condicións que facilitarían o desenvolvemento adecuado da transversalidade de xénero serían:

- **Vontade e compromiso político** para elimina-los desequilibrios existentes entre a cidadanía e erradica-las súas causas. Por iso, se require de recursos humanos e financeiros suficientes para a consecución de obxectivos.
- Coñecementos interdisciplinarios sobre as desigualdades entre mulleres e homes e as relacións de xénero como base para o debate público e as decisións políticas. Velaí, a necesidade de forma-lo persoal responsable de **integra-la perspectiva de xénero nas políticas ordinarias**.
- Reforzo dos aspectos que constitúen as políticas específicas de igualdade: **medidas lexislativas, accións específicas de igualdade dirixidas a mulleres ou a homes, etc.**

- **No Ámbito Estatal**; o *IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes (2003-2006)* foi aprobado o 7 de marzo do 2003 polo Consello de Ministros e presentado ese mesmo día, con motivo da celebración do "Día Internacional da Muller" (8 de marzo). Nel se establecen as liñas de actuación do Instituto da Muller para os seguintes catro anos, co fin de introducir a igualdade de xénero en tódalas políticas de intervención, así como de impulsar o avance das mulleres naqueles ámbitos da vida social nos que a súa presenza é, aínda, insuficiente.

"Mainstreaming", vida económica, toma de decisións, calidade de vida, fomento da igualdade na vida civil, valores e actitudes igualitarias, conciliación da vida familiar e laboral e cooperación, constitúen as oito áreas que vertebran o IV Plan. En cada unha delas, inclúense actuacións concretas a levar a cabo, que apostan pola igualdade, entre mulleres e homes, baixo o nomeado concepto de "mainstreaming". Outro principio fundamental que inspira este Plan é o de **cooperación**, referido á colaboración entre os diferentes axentes que poden estar implicados na súa posta en marcha: administracións públicas, axentes sociais, ONG e a sociedade en xeral.

- **No Ámbito Autonómico**; o *IV Plan para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da Comunidade Autónoma de Galicia* (2002-2005), tamén recolle o principio do "mainstreaming"; postulado integrado por seis áreas de traballo:

- Área 1: Cooperación, participación sociopolítica e empoderamento.
- Área 2: Educación en igualdade.
- Área 3: Información, sensibilización e medios de comunicación.
- Área 4: Formación, emprego e conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- Área 5: Saúde integral e promoción da inclusión social.
- Área 6: Cultura, ocio e deporte.

Por outra banda, a **nivel lexislativo, a Xunta de Galicia** ven de aprobar este ano a *Lei para a Igualdade de Mulleres e Homes* (7/2004 do 16 de Xullo), que establece diversas medidas de defensa -en dous títulos- da igualdade entre ambos colectivos.

No primeiro título, regúlase a actuación administrativa da comunidade autónoma galega en materia de igualdade; buscando, ao mesmo tempo, dar cobertura legal ás actuacións en vigor e ampliar as posibilidades de actuación con respecto a aspectos nos que se estime necesario actuar. Sen embargo, en aplicación da *transversalidade*, non é un elenco exhaustivo, polo que resulta factible que no futuro se incida noutros aspectos distintos, se así se considerase necesario.

No segundo título, regúlanse os aspectos da tutela antidiscriminatoria no emprego público galego coa intención da asunción exemplar, pola Xunta de Galicia, do seu compromiso co principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en relación coa totalidade do persoal ao seu servizo. Para isto, resulta necesario un instrumento lexislativo que garanta, precisamente, a uniforme aplicación das melloras concedidas ás distintas clases de persoal.

Todos estes documentos determinan as liñas a seguir no desenvolvemento de plans de igualdade, adaptándose ás características específicas dos ámbitos locais.

O CONCELLO DE CAMARIÑAS, asumindo o compromiso de traballar pola igualdade de oportunidades, proxecta no mes de setembro do 2004 o deseño do **I Plan de Igualdade de Oportunidades** do concello. Para a súa elaboración contouse coa participación e implicación de distintas áreas municipais, recolléronse propostas presentadas polo tecido social e as reunidas no Informe de


“Diagnose: A realidade das mulleres camariñas” (recollido na páxina web do concello: www.camarinas.net).

Este plan municipal serve para dar continuidade ás accións xa postas en marcha polo concello de Camariñas dende fai anos e desenvolver novas propostas no camiño da *Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes*.

C) CONTEXTUALIZACIÓN.

A Península de Camariñas atópase no noroeste de Galicia na denominada *Costa da Morte* e ten unha extensión de 51,9 Km². A súa poboación distribúese en catro parroquias: Camariñas, Xaviña, Ponte do Porto e Camelle. O número total de habitantes é de 6.597, dos cales 3.341 son mulleres e 3.256 son varóns (2003).

-Gráfico nº 1-



Fonte: Elaboración propia a raíz dos datos do Padrón, IGE, 2003.

Da análise da poboación, para o período 1991-2001, infírese un **descenso da natalidade** e o progresivo envellecemento da poboación (consultar táboa nº 1). Tal e como podemos observar na pirámide de poboación adxuntada, a medida que avanzamos na franxa de idade, aumenta o número de mulleres respecto ao de homes, confirmando así a **maior esperanza de vida feminina**.

-Táboa nº 1-


	1991	2001
Taxa bruta de natalidade	9,17 por mil	4,74 por mil
Índice de envellecemento	59,17%	146,75%

Fonte: Censos do INE, 1991 e 2001.

Outro dos fenómenos reflectidos no estudo da poboación é o das migracións, xa que **Camariñas é un concello de forte tradición migratoria forzada polo precario desenvolvemento das súas condicións económicas**. No período de tempo comprendido entre 1996 e 2001 Camariñas sofre unha perda de 996 persoas que se traduce nunha emigración dun 14% da súa poboación total; dificultando o relevo xeracional futuro. Neste senso a incidencia da emigración percíbese con maior impulso nas bandas de idade de 19 a

30 en mulleres e homes -tal e como se recolle no gráfico e táboa nº 2-, á vez que se mostra un retorno da poboación en torno aos 45 e 49 anos, segundo o informe de "Diagnose: A realidade das mulleres camariñas"(2003) elaborado pola Área de Muller do concello de Camariñas.

-Gráfico e táboa nº 2-



	Homes	Mulleres	Total
< 18	92	70	162
19-30	164	175	339
31-40	123	108	231
41-50	89	55	144
<50	45	45	90
Total	513	453	966

Fonte: Elaboración da ADL a raíz dos datos do Padrón, IGE, 2003.

En canto á evolución do desemprego o paro dispárase na cidadanía maior de 25 anos, idade na que moitas persoas novas rematan a súa etapa de formación e tentan incorporarse ao mercado de traballo -consultar táboa nº 3-; tendencia que encontra correlación co que está a acontecer na comarca e na provincia da Coruña.


-Táboa nº 3: Desemprego de Camariñas por grupos de idade-

MENORES DE 25			MAIORES DE 25		
HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
14	30	44	100	169	269

Fonte: Elaboración da ADL a raíz dos datos do Observatorio Ocupacional da Xunta de Galicia, outubro de 2004.

Se facemos unha análise deténdonos na evolución e o sexo da cidadanía camariñá observamos como o desemprego ven sendo maior no colectivo das **mulleres** -tal e como recolle o gráfico nº 3-. Máis concretamente o **paro** entre elas alcanza, no mes de outubro do 2004, a porcentaxe do **64%**. Estes datos nos amosan que a situación no concello de Camariñas é moi similar á experimentada en Galicia, concentrándose a maioría de demandas de **emprego do colectivo feminino** cara o **sector servizos**.


-Gráfico nº 3-



Fonte: Elaboración da ADL a raíz dos datos do Padrón, IGE, 2004.

A poboación activa concéntrase fundamentalmente e, por esta orde, nos sectores: Servizos, Pesca, Construción, Industria e, en último lugar, Agricultura. A distribución destes sectores productivos está directamente ligada ao xénero -consultar gráfico nº 4- sobre todo en sectores como a construción e a pesca onde o número de varóns é moi superior ao das mulleres. Tamén cabe sinalar que o rol familiar determina en grande medida as modalidades de traballo que as mulleres asumen no mercado laboral: **traballo a tempo parcial, emprego temporal, discriminación salarial e sectores feminizados** (conserveira, hostalería, confección téxtil ou o marisqueo a pé).

-Gráfico nº 4-



Fonte: Elaboración propia a raíz dos datos do Censo, INE, 2001.

Coa intención de menguar as citadas consecuencias, desenvolver social e economicamente o concello e máis contribuir a creación de emprego, está a levar a cabo a súa acción a *Axencia de Desenvolvemento Local -ADL-*. O servizo municipal está composto por un Axente de Desenvolvemento Local, unha Técnica Local de Emprego, unha Orientadora Laboral e un responsable da "Aula do

Emprendedor". O citado persoal realiza tarefas de información, orientación e asesoramento no terreno sociolaboral, facilita asistencia técnica a empresas, artesáns e asociacións, organiza cursos de formación, realiza investigacións socioeconómicas, informa e tramita axudas á vivenda e ao melloramento do medio e ten unha oficina do *Servizo Galego de Colocación* que proporciona orientación laboral e profesional. Destacar tamén a labor desempregada no *Centro de Iniciativas Empresariais -CIE-*, espazo reservado para actividades formativas municipais e programas de formación-emprego, que dispón dun taller de carpintería, unha "Aula do emprendedor" e un taller textil.

Respecto da participación o tecido asociativo está formado por 32 organizacións que presentan un carácter lúdico, social e profesional; tendo o carácter profesional un peso significativo nas asociacións nas que a contribución de mulleres é maior:


- Existen 2 asociacións formadas exclusivamente por mulleres, RENDAS (profesional) e PALILLADA (cultural).
- E outras onde a presenza feminina é moi importante, tal e como ocorre na "Asociación de Amas de Casa" e na "Agrupación de Mariscadoras" (dependente da Confraría de Camariñas).

Segundo a análise de Diagnose, entre os factores que dificultan ou **impiden a participación das mulleres** no mundo asociativo destacan, a **falla de tempo libre**, debido ás **cargas familiares** en solitario, ao traballo doméstico e extradoméstico, así coma o **palillo**, xa que é unha actividade artesano-profesional que ocupa o tempo que podería ser de ocio ou desenvolvemento persoal. A nivel formativo, existe unha falla de capacidade na xestión e liderazgo, os postos de responsabilidade ostentados polas mulleres son minoritarios e, a pesar da presenza dun forte movemento asociativo en Camariñas, percíbese unha sobrecarga ou exceso de responsabilidades nunhas poucas persoas; obstáculos aos que habría que sumar os conflitos resultantes da reiterada identificación das asociacións cos partidos políticos. Para poñer solución a estes déficits o concello de Camariñas programou actividades formativas para as mulleres das asociacións existentes, impartindo cursos de habilidades sociais, de xestión e organización das asociacións, etc.

A participación na vida política resúmese nas concelleiras, tres pertencentes ao PSOE e dúas ao PP, que teñen ostentado áreas como: Pesca, Asuntos Sociais, Cultura e Deportes. Actualmente unha muller ocupa a primeira tenencia de alcaldía e unha camariñá é Deputada no Parlamento Galego.

Desde un punto de vista educativo o **nivel de estudos no concello é moi baixo**. A taxa bruta de analfabetismo é dun 6,17%, sendo **significativamente maior para o colectivo feminino** que para o masculino, sobre todo se temos en conta a franxa de idade dos 58 anos en diante. Ademais o analfabetismo funcional alcanza o 61,63% da cidadanía, o que supón que máis da metade da poboación entre 10 e 76 anos atópase nesta situación. É por isto que o concello de Camariñas está a desenvolver un "*Programa de Educación para persoas adultas*" que ten como persoal asignado a dúas mestras.

-Gráfico nº 5-



Fonte: Elaboración propia raíz dos datos do Censo, INE, 2001.

Outro dos factores a ter en conta son as **infraestruturas educativas** da zona. Hoxe no concello hai 2 escolas primarias (unha en Ponte do Porto e outra en Camariñas), 2 escolas unitarias situadas en Camelle e Xaviña e unha aula de informática. Ademais existe un Instituto de Ensinanza Secundaria -IES- en Ponte do Porto que abrangue a escolarización dos 12 aos 16 anos, onde se teñen desenvolvido programas de educación non regrada e *Educación para a Igualdade*. Para cursar Bacharelato ou Ciclos Formativos o alumnado ten que desprazarse a Vimianzo ou a Cee, observándose unha elección ligada ao xénero das materias ou ramas de formación elixidas: as rapazas optan máis o itinerario de humanidades en bacharelato e en FP administración e finanzas; mentres que eles se inclinan polo itinerario científico e a mecánica e electricidade.

Da situación educativa explicada infírense dúas conclusións fundamentais:

- A dificultade á hora de tentar acceder a postos de traballo; a menor formación, menores son as posibilidades no mercado laboral e máis baixa será a cualificación dos postos que nun futuro se poderán ocupar.
- Existe unha distribución sexista nas ramas de formación que mostra a necesidade de diversificar a formación e incentivar a participación noutros campos distintos aos habituais.

A nivel **sociocultural** existe unha biblioteca municipal que leva a cabo actividades de animación á lectura, colabora con distintas asociacións, organiza e coordina actividades e escolas culturais, facilita información sobre turismo e xestiona cursos de instrumentos tradicionais, baile galego, palillo, teatro, ballet e fotografía; o concello tamén ten programas distintas actividades deportivas coordinadas por un técnico de deportes. Salientar dentro das infraestructuras a existencia de tres museos: un en Camariñas (*Museo do Encaixe*), outro en Ponte do Porto (*Museo Etnográfico*), xestionado por unha asociación, e outro en Camelle (*Museo de Man*). Unha vez ao ano celébrase a *Mostra do Encaixe de Camariñas* que é un certame cultural e comercial de ámbito internacional onde destaca a participación das mulleres locais.

No terreo **sociosanitario** atopamos dúas farmacias en Camariñas, unha en Ponte do Porto e outra en Camelle e tres centros de saúde de atención primaria repartidos entre os núcleos de poboación máis importantes (Camariñas, Camelle e Ponte de Porto). Con respecto á saúde feminina e outros aspectos relacionados co benestar xeral destas, ás mulleres derívanse ós centros de Cee (hospital comarcal), Vimianzo (Serv. de Urgencia), *Centro de Información á Muller* de Muxía ou *Centro de Orientación Familiar* da Coruña sempre e cando sexa preciso. Son as mulleres as principais usuarias destes servizos ben polo cumprimento do seu rol como coidadoras ou ben como pacientes.

Dentro dos servizos e institucións vencellados ao concello destaca a labor desempregada polos **Servizos Sociais de Atención Primaria** que *son o nivel máis próximo á cidadanía e ao seu ambiente familiar e social*. As súas áreas de actuación resúmense:

- *Programa de Educación Familiar* atendido por unha pedagoga.
- *Servizo de Intervención e Atención Familiar* xestionado por unha psicóloga.
- *Programa de Información* (axudas económicas, denuncia dos malos tratos, acollemento e adopción, axuda a domicilio, prazas en centros ou residencias, teleasistencia, etc.) do que se encargan de executar dúas traballadoras sociais e unha auxiliar administrativa.
- *Servizo de Axuda do Fogar*, asistido por cinco auxiliares domésticas
- *Área da Muller* coordinada por unha técnica de igualdade.

Tendo en conta as conclusións aquí reflectidas e o análise previo da situación das mulleres e homes camariñas, resulta fundamental

matizar cal é o **sistema de xénero** imperante no Concello. Frente o discurso dominante que afirma que existe un poder patriarcal, a realidade dos roles masculinos e femininos mostra que o sistema de xénero de Camariñas continua anclado no modelo tradicional. Mentres os varóns ostentan o mundo público e laboral valorado socialmente, as mulleres son relegadas a esfera doméstica e as súas “introduccións” ao mundo laboral son castigadas coa sobrecarga de traballo que ditas incursións conlevan.

A escasa valoración que rodea a todo o feminino, interiorizada en moitas ocasións polas propias mulleres, obstaculiza a participación da mesmas nas actividades e accións formativas, fomentando as relacións tensas e competitivas e reforzando o control social imperante. Neste contexto, son numerosas as mozas que deciden emigrar a cidade na procura dun rol de xénero distinto que lles permita maior liberdade e independencia.

Á vista destes datos o **I Plan de Igualdade Municipal do Concello de Camariñas** pretende achegar á poboación unha serie de actuacións relacionadas cuns obxectivos que se corresponden con diferentes áreas (“mainstreaming”) de recursos sociais, culturais, económicos e de urbanismo; tendo como base o protagonismo da poboación do concello baixo o prisma da participación activa, do consenso e da perspectiva de xénero.

Unha planificación destinada a iniciar un camiño, o da igualdade real entre mulleres e homes, centrado na mellora das condicións de vida para “Elas” pero que beneficia a “Toda a cidadanía” no seu conxunto.

D) FINALIDADES DO PLAN E ÁREAS DE ACTUACIÓN.

Unha das conclusións principais que se desprenden da contextualización e da diagnose previa "A realidade das mulleres camariñas" é a necesidade de **VISIBILIZAR, SENSIBILIZAR E CONCIENCIAR** sobre as situacións e realidades da muller no concello.

Neste senso, o **I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes**, ten como finalidades principais atender a devandita necesidade sen esquecer outras accións encañinadas a acadar a igualdade de xénero.

De esta maneira a visibilización, sensibilización e concienciación da poboación camariñá adquire, por unha banda, un carácter horizontal, impregnando as actuacións das diferentes áreas e, por outra banda, se convirte na necesidade máis inmediata e transformadora, a área prioritaria e específica deste primeiro plan á que se adican o maior número de actuacións e recursos.

Concretamente, o **Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do concello de Camariñas** está estruturado en sete áreas de traballo, ás que corresponden sete obxectivos xerais:

1. ÁREA DE VISIBILIZACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E DEREITOS LABORAIS.

Obxectivo Xeral: Promover a *Igualdade de Oportunidades* de forma normalizada e integral, procurando a implicación de todos os axentes públicos e privados no logro deste obxectivo.

2. ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS E CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL LABORAL E FAMILIAR.

Obxectivo Xeral: Crear e consolidar os servizos municipais para a muller e poñer a disposición das mulleres mecanismos que lles permitan que a conciliación persoal, laboral e familiar sexa unha realidade máis próxima.

3. ÁREA DE PARTICIPACIÓN E ASOCIACIONISMO.

Obxectivo Xeral: Promover a participación social das mulleres tanto no ámbito público como privado promocionando especificamente o asociacionismo e a

participación activa nos eidos da Cultura, Deportes e Tempo de Lecer.

4. ÁREA DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE.

Obxectivo Xeral: Fomentar a educación para a igualdade real entre mulleres e homes.

5. ÁREA DE ORDENAMENTO DO TERRITORIO E VIVENDA.

Obxectivo Xeral: Traballar o medio para que o seu uso sexa accesible para toda a cidadanía.

6. ÁREA DE SAÚDE E BENESTAR.

Obxectivo Xeral : Mellorar as condicións de benestar das mulleres atendendo ás súas necesidades específicas.

7. ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO.

Obxectivo Xeral: Fomenta-la formación e cualificación profesional, apoiar a incorporación da muller ao mercado de traballo, reforzar o autoemprego e promove-la mellora das condicións laborais nos sectores máis feminizados.

Estes obxectivos xerais, materialízanse noutros obxectivos específicos que se desenvolverán por medio de actuacións. Nas actuacións combínanse, en sintonía coas finalidades transversais definidas, accións que corresponden aos retos dunha sociedade en transformación e accións que son necesarias para erradicar as desigualdades de carácter máis estrutural e máis enquistadas na sociedade.

E) ÁREA DE VISIBILIZACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E DEREITOS LABORAIS.

Obxectivo Xeral:

- Promover a Igualdade de Oportunidades de forma normalizada e integral mediante a información, a sensibilización e concienciación da poboación no seu conxunto.
- ✓ **Obxectivo Específico 1.1.** Visibilizar e sensibilizar sobre as situacións de desigualdade na que seguen vivindo as mulleres.

Actuacións

- Elaboración dunha guía que recolla ás mulleres significativas ao longo da historia de Camariñas.
- Propor e realizar exposicións con temática de xénero.
- Identificar o concello con nomes de mulleres relevantes, poñendo os seus nomes nas rúas e edificios públicos.
- Difusión dos datos e das conclusións da "Diagnose das mulleres camariñas"
- Elaborar o díptico "A Muller en cifras" para dar a coñecer a situación laboral da muller.
- Difusión da presenza feminina en postos de responsabilidade ou tradicionalmente ocupados por homes cunha campaña sobre o potencial das mulleres en tódolos ámbitos ou cun ciclo de charlas onde se visualice o papel destas mulleres na vila camariñá.
- Declaración plenaria de apoio a políticas que promocionen a igualdade de oportunidades.
- Organizar ciclos, charlas, xornadas, cursos, etc. sobre temática de xénero.
- Difundir os dereitos laborais das mulleres ao través de medidas tales como: impartición en tódalas actividades formativas dun módulo sobre dereitos laborais en colaboración coas organizacións sindicais.
- Divulgar as medidas de incentivación que leven a un exercicio real por parte dos homes dos permisos, licencias ou excedencias parentais.

- ✓ **Obxectivo Específico 1.2.** Concienciar a responsables da política, ao persoal da Administración Local e a poboación en

xeral sobre a discriminación existente na nosa sociedade que dificulta o proceso de plena equiparación da muller para que fomenten a igualdade de oportunidades.

Actuacións

- Introducir no convenio colectivo do Concello unha regulación que garanta a eliminación de cláusulas con contidos discriminatorios que atenten contra a igualdade profesional a través da posta en marcha de medidas tales como: compromiso municipal de substituír as baixas por maternidade.
- Informar, atender e apoiar calquera demanda sobre discriminación por razón de sexo, con especial atención ao acoso sexual no traballo.
- Informar das actividades culturais en espazos tradicionalmente femininos.
- Reserva nos centros municipais de espazos para a celebración de reunións de asociacións ou grupos de mulleres.
- Apoio municipal ás Iniciativas Locais de Emprego promovidas por mulleres
- Coordinarse coas asociacións e colectivos existentes para a realización de cursos e actividades.
- Solicitar subvencións ou axudas para proporcionar un servizo de "canguro" coa intención de facilitar a formación e a participación das mulleres nas mesmas.
- Impulsar convenios de cooperación con outras institucións e administracións públicas para o desenvolvemento común de actividades que fomenten a igualdade de xénero.

F) ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS E CONCILIACIÓN PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR.

Obxectivo Xeral:

- Crear e consolidar os servizos de atención á muller e poñer a disposición das mulleres mecanismos que lles permitan que a conciliación persoal, laboral e familiar sexa unha realidade máis próxima.
- ✓ **Obxectivo específico 2.1.** Informar ás mulleres sobre os seus dereitos, axudas, prestacións e recursos sociais existentes e sobre a forma de acceso aos mesmos.

Actuacións

- Proseguir coa información e orientación que se efectúa coas mulleres de modo personalizado a través dos Servizos Sociais sobre as posibilidades de utilización e acceso aos recursos.
- ✓ **Obxectivo específico 2.2.** Potenciar a creación e ampliación e/ou mellora dos recursos e servizos socio-comunitarios que faciliten a conciliación das responsabilidades familiares-persoais e laborais.

Actuacións

- Crear servizos de atención á infancia tales como a construción dunha escola infantil.
- Elaborar un informe previo, con anterioridade a posta en marcha da escola infantil, sobre a xestión e características da mesma.
- Crear un espazo para o desenvolvemento de actividades culturais e de ocio destinado a persoas maiores.

- ✓ **Obxectivo específico 2.3.** Sensibilizar e concienciar á poboación e ao persoal implicado no tema da *Violencia de Xénero* acerca de mellorar as condicións de atención das

vítimas de malos tratos e/ou agresións sexuais e acoso sexual, e coordinar as diversas actuacións institucionais para dotalas de maior eficacia, co fin de conseguir progresivamente acabar con este tipo de violencia.

Actuacións

- Campaña de sensibilización tanto á poboación xeral, persoas afectadas e profesionais implicados, alentando á formulación de denuncias.
- Elaborar una guía informativa sobre malos tratos onde se recollan principalmente os tifs e servizos os cales acudir en caso de violencia doméstica.

G) ÁREA DE ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN SOCIAL.

Obxectivo Xeral:

- Promove-la participación e plena integración das mulleres en tódolos ámbitos da vida pública.
- ✓ **Obxectivo específico 3.1.** Fomenta-la creación, dinamización e mantemento de asociacións de mulleres.

Actuacións

- Organizar cursos, obradoiros, seminarios formativos, etc. dirixidos a mulleres para fomentar a participación social.
- Continuar prestando asesoramento sobre subvencións ás asociacións de mulleres e difusión deste servizo.
- Crear un espacio ou instrumento de relación concello-asociacións que axude a difundir información, a recoller demandas e a coordinar diversas actividades que poidan xurdir como por exemplo: A creación ou promoción do Consello Municipal da Muller.
- Solicitar subvencións ou axudas para proporcionar transporte público ás persoas asintentes ás actividades programadas.

- ✓ **Obxectivo específico 3.2.** Promover actividades culturais que permitan ás mulleres iniciar un proceso de educación para a cultura, asumindo a importancia que éstas teñen para o desenvolvemento persoal (música, cine, teatro...)

Actuacións

- Realización de cursos que non supoñan unha extensión no tempo de formación ou lecer do papel tradicionalmente desenvolvido por mulleres e por homes. Como podería ser un curso de cociña para homes ou un curso de técnica audiovisual para mulleres.
- Difusión e consolidación da "Sección da Muller" na Biblioteca Municipal.

H) ÁREA DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE.

Obxectivo Xeral:

- Fomentar a educación para a igualdade real entre mulleres e homes.

- ✓ **Obxectivo específico 4.1.** Sensibilizar á comunidade educativa e á familia sobre a importancia da formación nas persoas adultas e a relevancia de promover en igualdade (coeducación) no proceso de socialización da infancia, facilitando ferramentas que contribúan a garantir a non discriminación sexista e favorezan a aplicación do principio de igualdade de oportunidades.

Actuacións

- Continuar coas intervencións de educación para a saúde desenvolvidas nos centros de ensino (sexualidade, alimentación, VIH, drogadicción, autoestima...), fomentando obradoiros de coeducación co alumnado.

- ✓ **Obxectivo específico 4.2.** Tomar conciencia da existencia de valores diferenciados en función da identidade de xénero e fomentar novas actitudes e comportamentos entre o persoal educativo e técnico que deseña as actividades lúdicas e socioculturais para a infancia (acordes coa igualdade de oportunidades nas aulas).

Actuacións

- Campaña de sensibilización para nais e pais có obxectivo de que se fomente a participación do alumnado nos deportes municipais sen atender á participación que por rol de xénero e de forma tradicional se veñen dando nas diferentes prácticas deportivas.

I) ÁREA DE ORDENAMENTO DO TERRITORIO E VIVENDA.

Obxectivo xeral:

- Traballar o medio para que o seu uso sexa accesible para toda a cidadanía.

- ✓ **Obxectivo Específico 5.1.** Potenciar a supresión das barreiras arquitectónicas no concello así como promover a conservación do medio ambiente no concello.

Actuacións

- Tomar as medidas necesarias para evitar as barreiras á mobilidade urbana, xa sexa de deseño (malos accesos aos espazos públicos, bordes sen rebaixar nos pasos de peóns, beirarrúas estreitas, obstáculos de mobiliario urbán, árbores mal colocadas...) ou conxunturais (mal aparcamento de automóbiles...)

- Crear zonas axardinadas e de paseo para disfrute de persoas maiores e da infancia.

- ✓ **Obxectivo 5.2.** Favorecer o acceso á vivenda as mulleres en xeral, prestando particular atención a aquelas que teñen dificultades especiais (mulleres con cargas familiares, discapacitadas, xoves, persoas maiores, etc.).

Actuacións

- Informar ás mulleres sobre os recursos e axudas que teñen ao seu alcance para acceder a unha vivenda.

J) ÁREA DE SAÚDE E BENESTAR SOCIAL.

Obxectivo xeral:

- Mellorar as condicións de benestar das mulleres atendendo ás súas necesidades específicas.
- ✓ **Obxectivo específico 6.1.** Implantar programas de educación sanitaria que faciliten un mellor coñecemento sobre a saúde en xeral, sobre os cambios biolóxicos, e sobre calquera adquisición de hábitos saudables para mellorar a súa calidade de vida.

Actuacións

- Campañas, charlas, etc. sobre diversas enfermidades (tales como fibromialxia, osteoporose, anorexia ou bulimia) e temas sociosanitarios (planificación familiar, nutrición ou hixiene)

- ✓ **Obxectivo Específico 6.2.** Favorecer a integración da muller na sociedade potenciando a súa autoestima e asertividade e xerando un maior valor social.

Actuacións

- Realizar obradoiros de desenvolvemento persoal para mulleres.

K) ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO.

Obxectivo xeral:

- Fomenta-la formación e cualificación profesional, apoiar a incorporación da muller ao mercado de traballo e autoemprego e promove-la mellora das condicións laborais nos sectores máis feminizados.
- ✓ **Obxectivo específico 7.1.** Incentiva-la participación das mulleres nos programas formativos ocupacionais que melloren a súa cualificación profesional e as súas habilidades de busca de emprego.

Actuacións

- Realizar cursos de novas tecnoloxías especificamente para mulleres
- Realizar obradoiros de busca activa para mulleres co emprego das novas tecnoloxías.

- ✓ **Obxectivo Específico 7.2.** Apoiar e incentivar o autoemprego e as iniciativas empresariais promovida por mulleres.

Actuacións

- Realizar Obradoiro de autoemprego para mulleres.
- Posta en funcionamento do programa de apoio ás emprendedoras

- ✓ **Obxectivo Específico 7.3.** Apoiar a competitividade empresarial e dinamizar o tecido empresarial en pro da igualdade de oportunidades.

Actuacións

- Programa de apoio e dinamización das asociacións profesionais: encaixe, marisqueo, percebeiras

L) CRONOGRAMA.

O seguinte cronograma amosa, de xeito orientativo, o ritmo temporal para levar a cabo as actuacións descritas ao longo do plan.

Área	Acción	Ano 2005	Ano 2006
VISIBILIZACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN			
	Guía de mulleres significativas de Camariñas		
	Exposición mulleres		
	Nomes de mulleres ás rúas		
	Difusión diagnose		
	Elaboración díptico muller en cifras		
	Difusion mulleres en cargo		
	Declaracion plenaria de apoio		
	Charlas xénero		
	Difusión dereitos laborais		
	Incentivación permisos homes		
	Baixas maternide/Convenio Colectivo		
	Demandas de discriminación (atención)		
	Informar en espacios femininos		
	Apoio ILE muller		
	Coordinación asociaciónes		
	Canguro		
	Convenios cooperación instituc. e adm. public		
SERVIZOS SOCIAIS			
	Atención e información ás mulleres		
	Escola infantil		
	Informe xestión escola infantil		
	Espacio maiores		
	Campana ánimo denuncia		
	Guía municipal violencia		
PARTICIPACIÓN			
	Cursos participación social		
	Asesoramento subv. Asoc. Mulleres		
	Consello Muller		
	Transporte público		
	Cursos: cociña-video		
	Sección muller biblioteca		
EDUCACIÓN			
	Intervención para coeducación colexios		
	Campana participación deportes		
TERRITORIO E VIVENDA			
	Evitar barreiras		

Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes (2004-2006)
Concello de Camariñas

	Zonas paseo xardíns		
	Información axudas e recursos vivenda		
SAÚDE			
	Charlas enfermidades, embarazo...		
	Obradoiro desenvolvemento persoal		
FORMACIÓN/EMPREGO			
	Curso novas tecnoloxías		
	Obradoiro Busca emprego		
	Obradoiro autoemprego		
	Programa emprendedoras		
	Apoio asoc. Profesionais		

LL) AVALIACIÓN.

En último lugar explicaremos o proceso de avaliación do **I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes**. Unha avaliación que proporcione información sobre o seu alcance en canto aos obxectivos propostos e ó desenvolvemento do mesmo. Neste caso trátase dun proceso de avaliación continua que permita analizar a adecuación das accións á poboación diana.

O método que propoñemos para o seguimento do Plan basease no uso de enquisas e entrevistas para a opinión da poboación participante en cada actividade realizada e o deseño dunhas fichas de seguimento que conterán como mínimo os seguintes indicadores:

- 1) ORGANISMO/ENTIDADE RESPONSABLE.
- 2) ÁREA DE ACTUACIÓN.
- 3) OBXECTIVO XERAL E ESPECÍFICO.
- 4) TIPO DE ACTIVIDADE.
- 5) DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE.
- 6) POBOACIÓN DESTINATARIA.
- 7) Nº DE ASISTENTES OU PERSOAS BENEFICIARIAS.
- 8) ÁMBITO XEOGRÁFICO.
- 9) COLABORACIÓNS (organismos que puideron prestar a súa colaboración: asociacións, ONG, Concellerías etc.).
- 10) FINANCIAMENTO (indicar organismo e orzamento).
- 11) DATA DE REALIZACIÓN.
- 12) VALORACIÓN (aspectos positivos e negativos da actividade feitas polas persoas participantes).

Os datos recollidos nestas fichas analizaranse cada 6 meses nunha xuntanza de seguimento do Plan por parte das persoas responsables en que o mesmo vaia a diante.

Asemade ao final de cada ano elaborárase unha memoria anual onde se reflectirán: a pertinencia, eficacia e utilidade en función dos datos obtidos.

Avaliación dos resultados.

En canto á avaliación dos resultados deste **I Plan de Igualdade** poderase efectuar dende o *Servizo Especializado de Igualdade* e a *Área de Desenvolvemento Local* tendo en conta as seguintes dimensións:

- Cuantitativa: Contabilización das actuacións iniciadas, as non iniciadas ou sen finalizar en función dos indicadores anteriormente sinalados. Paralelamente estudarase a evolución da poboación feminina dende a posta en marcha do Plan ata o ano de finalización.
- Cualitativa: Obter información sobre a opinión de todas as persoas implicadas no desenvolvemento do Plan (organismos implicados e colectivos beneficiarios).

Por último, e unha vez finalizada a vixencia do Plan, elaborárase un informe final no que se inclúan os resultados indicando o que se fixo e como se fixo ademais de engadir propostas para a mellora no deseño de plans posteriores.